



Campamento scout de Nadal no Xurés

Unha estupenda alternativa de ocio educativo para as vacacións deste Nadal para rapaces e rapazas dende os 8 aos 14 anos

Ourense, 16 de decembro de 2016 - O Grupo Scout ILEX 959, de Ourense desenvolverá no municipio de Muiños, dentro da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, seu campamento de Nadal de luns a xoves nos días 26 e 29 de decembro, de xeito que respecta ás datas sinaladas á vez que **facilitará a conciliación da vida laboral e familiar durante estas vacacións escolares.**

Nesta actividade aproximadamente **40 rapaces e rapazas, e seus monitores/as voluntarios/as, ocuparán o Refuxio de Montaña de Albite, propiedade da Federación Galega de Montaña** para estes catro días de aventura, e que será a base e lugar de pernocta para os pequenos aventureiros de **entre 8 e 14 anos.**

A actividade estará **ambientada no mundo máxico de Harry Potter**, que será moi estimulante para a súa imaxinación e creatividade. Os monitores e monitoras asumirán os roles dos persoaxes populares da saga como Hermione, Hagrid, Dumbeldore, etc. mentres que os participantes asumirán os roles de estudantes de maxia das catro casas do colexio Hogwarts.

En calquera caso as actividades no renunciarán aos principios scouts e buscarán o máximo contacto coa Natureza. Dentro da programación haberá **actividades** de orientación, rutas, talleres, xogos, gymkhanas, teatro, xogos de pistas, cancións, etc. Pero sobre todo haberá **diversión, convivencia e tamén corresponsabilidade**, onde os e as participantes ocuparanse (de acordo as súa idade e capacidades) de tarefas básicas do campamento, como facer comidas, fregar a louza, ocuparse da limpeza da instalación, pois **o método educativo que empregamos os scouts busca que os nenos e nenas sexan cada vez máis autónomos e responsables.**

Calquera rapaz/a de Ourense e a súa contorna, con idade entre os 8 e os 13 anos pode aínda inscribirse e coñecer como é a aventura scout. **A inscrición estará aberta**, a través dun formulario da nosa páxina web, **ata as 23:59 horas do mércores día 21** de decembro cun custe de 60 euros que inclúe o transporte de ida e volta dende Ourense, seguros, alimentación, aloxamento e actividades.

O Grupos Scout ILEX 959, de carácter laico con actividades semanais durante todo o ano que **desenvolve cada sábado pola mañá no Espazo Xove** (Casa da Xuventude) de Ourense.

Máis información e inscricións:

[Sobre o campamento](#) / [Sobre o grupo scout](#)

Xulio López – Coordinador do Grupo Scout ILEX | Telf. 649 752 351